

SEMANA DO 11 AO 15 DE MAIO


Nesta semana imos a repasar o traballado na quinta unidade do curso, "Así son os animais".

Imos a facer un pequeno repaso do tema e despois uns exercicios moi fáciles. Imos alá!

As persoas, os animais e as plantas somos seres vivos.

Os seres vivos nacen, medran, reproducense e morren.


Como son os animais



Alguns animais teñen patas e andan sobre a terra. O seu corpo está cuberto de pelo.



Outros animais teñen ás e voan polo aire. O seu corpo está cuberto de plumas.



E outros animais teñen aletas e nadan na auga. O seu corpo está cuberto de escamas.

Tamén hai animais que teñen o corpo espido.

Os animais alimentanse



Alguns animais alimentanse de plantas. Son animais **herbívoros**.



Outros alimentanse da carne doutros animais. Son **carnívoros**.



E hai animais que comen todos os tipos de alimentos. Son animais **omnívoros**.

Os animais reproducense



Os animais **vivíparos** nacen do ventre da súa nai.



Os animais **ovíparos** nacen de ovos. Todas as aves son ovíparas.

1. Colorea os seres vivos que hai na imaxe.




2. Como se desprazan estes animais? Escribe.



andan	<input type="text"/>
voan	<input type="text"/>
nadan	<input type="text"/>

3. Observa e escribe onde corresponda.



4. Completa.

omnívoros

herbívoros

carnívoros

Os animais que se alimentan
de carne son animais



Os animais que comen todos os tipos
de alimentos son animais

Os animais que se alimentan
de plantas son animais



5. Le e une.

Os animais ovíparos •

• nacen do ventre da súa nai.

Os animais vivíparos •

• nacen de ovos.